

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE XUÑO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia a Festa das Alfombras Florais de Bueu e a Semana Santa de Betanzos.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 75 % derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2017.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se crea a Rede de reservas da biosfera de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Orde pola que se procede á convocatoria pública, para as anualidades 2017 e 2018, das axudas financeiras do Programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas, con financiamento plurianual.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba como proxecto público de urxencia ou excepcional interese a ampliación das instalacións da Fundación Instituto Feiral de Vigo.

- Acordo polo que se autorizan os pagamentos anticipados de gasto, con carácter previo á xustificación e sen necesidade de constituír garantías, da Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de vacinas de calendario e outras, derivada do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por un importe de doce millóns cincocentos vinte e catro mil oitenta e tres euros con cincuenta e dous céntimos (12.524.083,52 €) e un valor estimado de vinte e dous millóns setecentos doce mil noventa e dous euros con cincuenta céntimos (22.712.092,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Chapela feita a título gratuito polo Concello de Redondela, a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Mondariz feita a título gratuito polo Concello de Mondariz, a favor do Servizo Galego de Saúde.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

- Informe do Plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago
- Informe sobre o estado de situación dos tres plans de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o calendario vacinal do adulto.

CONSELLO DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre balance do Programa de subvencións aos concellos galegos para a mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público

A FESTA DAS ALFOMBRAS FLORAIS DE BUEU E A SEMANA SANTA DE BETANZOS, DECLARADAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

- *Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta unha vez examinadas as solicitudes presentadas que afondan na súa antigüidade e a súas singularidades*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa das Alfombras Florais de Bueu, que conta con 270 anos de antigüidade e terá lugar esta fin de semana, e para a Semana Santa de Betanzos, en pé desde a Idade Media.

De acordo co procedemento para a declaración de festas de interese turístico de Galicia, regulado no capítulo III do Decreto 4/2015, unha vez examinada a solicitude presentada pola Asociación Sociocultural Alfombras de Bueu e emitidos os preceptivos informes, Turismo de Galicia elevou a dita proposta ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

No momento de tomar esta decisión, valoráronse os distintos requisitos e criterios de antigüidade, singularidade, arraigamento popular ou valor cultural. Tamén se tiveron en conta aspectos como a afluencia de visitantes, o adecuado coidado dos contornos urbanos, a calidade dos actos que configuran as celebracións e a súa creatividade e innovación.

A Festa das Alfombras Florais de Bueu ten lugar no marco da festividade do Corpus Christi desde hai máis de 270 anos. Desde entón non deixou de evolucionar e, froito disto, véñense realizando as alfombras florais ao longo dos últimos 100 anos. O principal signo distintivo é o uso de produtos de orixe mariña (cunchas, algas...) na súa elaboración, nun percorrido de 1,5 quilómetros polas rúas deste concello pontevedrés. Tamén se empregan elementos naturais como flores e elementos vexetativos presentes nos distintos xardíns, hortas e montes veciñais e mesmo se teñen incorporados novas técnicas como a papiroflexia.

A Semana Santa de Betanzos conmemórase durante 10 días desde o Venres de Dores ata o Domingo de Pascua. A súa singularidade vén determinada pola súa imaxinería, que data na súa maioría dos séculos XVIII e XIX, tamén polo contorno no que discorren as procesións, o centro histórico da vila, declarado conxunto histórico no 1970, e polo vestiario dos cargadores da imaxe da Nosa Sra. das Dores, tal e como se empregaba xa na antigüidade. Nela participan cada ano preto dun millar de persoas e conta cun amplo apoio social.

Con este recoñecemento, ambas as festas súmanse ás preto de 140 festas de interese turístico coas que xa conta a Comunidade galega, das cales nove están declaradas de

interese turístico internacional, 11 de interese turístico nacional e 117 de interese turístico de Galicia.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 4,2 MILLÓNS DE EUROS ÁS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE

- *As axudas están destinadas aos concellos, consorcios, mancomunidades, agrupacións ou asociación de concellos*
- *As axudas están destinadas para os programas de fomento da conciliación; prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e para apoio aos centros de información ás mulleres (CIM)*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a a concesión de anticipos de ata o 75 % das subvencións concedidas para o Programa de fomento da conciliación; para o Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e para o Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM), por un importe de máis de 4,2 millóns de euros, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo, destinados ás entidades locais, como concellos, consorcios, mancomunidades e agrupacións ou asociacións de concellos.

A primeira da liña de axudas é o Programa de fomento da conciliación, destinado para que os concellos poidan tomar medidas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras. Conta cun orzamento total que supera os 494.000 euros. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 12.000 euros no caso de solicitude individual, e ata 22.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos.

A segunda liña de axudas está destinada ao Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, grazas á cal as entidades locais poderán subvencionar accións de intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas dependentes delas e actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular.

O orzamento desta liña de axudas é de 352.000 euros e a contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 10.000 euros no caso dunha solicitude individual, e ata 20.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos.

Apoios aos centros de información á muller (CIM)

A terceira liña de axudas é o programa de apoio aos centros de informacións ás mulleres, os CIM, xa que para reforzar a funcionalidade dos CIM e consolidar os postos e o perfil profesional das persoas que prestan servizos neles, o Goberno galego subvenciona a existencia, no cadro de persoal ou na relación de postos de traballo da entidade, de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, para a atención a mulleres en situación de vulnerabilidade; a

contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 45.000 euros no caso dunha solicitude individual e ata 120.000 euros no caso dunha solicitude conxunta. Conta cun orzamento de 3,4 millóns de euros.

MEDIO AMBIENTE ENVÍA AO CONSULTIVO DE GALICIA O TEXTO DO DECRETO PARA A CREACIÓN DA REDE DE RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que a Consellería de Medio Ambiente avanza un paso máis cara á aprobación deste documento que permite a creación desta rede co obxectivo de harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural*
- *A creación desta nova figura reforzará a posta en valor das reservas da biosfera como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o acordo polo que se aproba o texto do Decreto para a creación da Rede de reservas da biosfera de Galicia, que será sometido ao Consello Consultivo de Galicia para que emita informe. Así, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio avanza un paso máis cara á aprobación deste decreto, co que se prevé contar a finais deste mesmo ano.

Na actualidade en Galicia existen seis espazos declarados pola Unesco como reservas da biosfera, que son: Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, río Eo, Oscos e Terras de Burón, Transfronteiriza Gêres-Xurés, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. En total, estas zonas suman 77.834,3 ha.

As reservas da biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

Desde o Goberno galego deféndese que a existencia desta rede garantirá a cooperación entre reservas e permitirá a súa interacción e a súa actuación como unha auténtica rede de aprendizaxe do desenvolvemento sustentable, ao tempo que reforzará a posta en valor das reservas da biosfera como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación.

Así, os obxectivos fundamentais do proxecto son a creación de novos vínculos entre as reservas da biosfera declaradas en Galicia e o reforzamento dos xa existentes, propiciando a colaboración entre todas as reservas integrantes da rede e fomentando a súa colaboración na realización de proxectos comúns.

Deste xeito, tamén se cumpre co establecido no Marco estatutario da Rede mundial de reservas da biosfera, no que se regula a participación en rede ao considerar que se debe propiciar a constitución e cooperación de subredes rexionais.

Nese sentido, preténdese reforzar e pór en valor as reservas da biosfera de Galicia, como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación, así como a promover o coñecemento e difusión dos valores das reservas da biosfera de Galicia. Ao mesmo tempo, o funcionamento en rede das reservas da biosfera de Galicia permitirá establecer sinerxías e colaborar con outras redes territoriais ou temáticas do Programa home e biosfera.

A XUNTA DESTINARÁ 1,8 MILLÓNS DE EUROS A SUBVENCIONAR ATA NUN 100% OS XUROS DOS PRÉSTAMOS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS

- *O importe máximo do préstamo será de 30.000 euros para aqueles de carácter persoal e de 60.000 euros no caso de préstamos hipotecarios*
- *Trátase dunha medida pioneira que se articulará a través dos convenios asinados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda con Abanca, Caixabank, Caixa Rural Galega e Banco Sabadell*
- *A porcentaxe de subsidiación dos xuros variará en función dos ingresos familiares*
- *Esta iniciativa enmárcase no obxectivo da Xunta de fomentar as actuacións de renovación, reforma e rehabilitación de vivendas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de 1,8 millóns euros na subsidiación dos xuros dos préstamos concedidos para a rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas. O *Diario Oficial de Galicia* publicará en próximas datas a convocatoria destas axudas correspondentes ao ano 2017.

Trátase dunha medida pioneira coa que o Executivo autonómico pon por primeira vez á disposición das familias préstamos con intereses bonificados ata nun 100% co obxectivo de fomentar as actuacións de renovación, reforma e rehabilitación de vivendas.

Esta medida enmárcase na aposta do Goberno galego pola rehabilitación como solución eficiente, sustentable e de futuro para contar con vivendas para garantir o dereito á vivenda e manter en boas condicións o patrimonio construído, pois a rehabilitación mellora as condicións e a calidade de vida dos galegos e contribúe á dinamización e recuperación de barrios emblemáticos das vilas e cidades.

O Programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas está incluído no Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda, e consiste no establecemento dunha liña de préstamos para financiar a execución de obras de rehabilitación.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas que promovan as actuacións de rehabilitación, xa sexan propietarias ou teñan calquera outro título que acredite a posesión do inmovible. No caso de actuacións promovidas por comunidades de propietarios poderán ser beneficiarios os que sexan membros da dita comunidade e en función da súa porcentaxe de participación nas obras

Estas axudas directas articularanse a través dos convenios asinados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda con Abanca, Caixabank, Caixa Rural Galega e Banco Sabadell e consistirán na subsidiación dos xuros destes préstamos para as persoas que

cumpran os requisitos previstos, cuxa porcentaxe dependerá do nivel de ingresos da unidade de convivencia do beneficiario.

Os créditos serán sen xuros para as familias con ingresos de ata catro veces o IPREM, por exemplo un fogar con 3 membros no que entren menos de 37.400 euros ao ano, e a xuros baixos para as de ingresos superiores.

INGRESOS	Subsidiación máxima	Duración máxima
Menor ou igual a 4 IPREM	100 % dos xuros	48 meses
Maior de 4 e menor de 5,5 Iprem	80 % dos xuros	36 meses

No caso de persoas con ingresos maiores a 5,5 veces o IPREM e que non superen as 6,5 veces, aínda que non terán bonificacións nos xuros, si disporán de facilidades na concesión do préstamo beneficiándose, por exemplo, da exención da comisión de apertura, entre outros.

O importe máximo do préstamo fíxase en 30.000 € para aqueles de carácter persoal e en 60.000 € no caso de préstamos hipotecarios.

O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tal como se indica no cadro:

Garantía	Tipo fixo	Tipo variable	
		Inicial (24 meses)	Resto
Hipotecaria	1,90	1,75	Euribor a 1 ano + 1,25
Persoal	5,25	5,25	Euribor a 1 ano + 4

O prazo de amortización estará entre seis meses e quince anos, cun período de carencia inicial de ata dous anos como máximo.

No orzamento para cubrir o préstamo, ademais do custo das obras concretas que se van acometer, poderán incluírse os honorarios dos profesionais que interveñan no proxecto e na súa execución, así como os informes técnicos necesarios, polo que unha vez concedido o crédito, a Xunta de Galicia reintegrará á entidade financeira as contías dos xuros, que a entidade xa non cobra aos titulares do préstamo.

Os préstamos poderán formalizarse con garantía hipotecaria ou persoal e estarán exentos de calquera tipo de comisión e o prazo de amortización estará entre seis meses e quince anos, cun período de carencia inicial de ata dous anos como máximo.

A concesión dos préstamos estará suxeita á avaliación dos riscos por parte das entidades financeiras e para acceder a eles as persoas promotoras das actuacións de

rehabilitación deberán obter previamente unha resolución de acceso ao financiamento, emitida polo Goberno galego.

A XUNTA ACTIVA UN PROGRAMA PARA APOIAR AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- *O programa, con contías que poden alcanzar os 12.000 euros, inclúe este ano novidades tendo en conta as principais demandas do sector, como é a posta en marcha dunha liña de apoio específica para formación con ata 3000 euros*
- *Amplíase a duración máxima dos contratos de inserción e increméntase o custo das axudas á asistencia técnica*
- *Forma parte dun plan que acaba de poñer en marcha a Xunta para impulsar o emprego inclusivo, dotado con 7,6 millóns e que beneficiará 900 persoas en risco de exclusión social*
- *O Goberno galego investirá este ano a través da Axenda 20 un total de 22 millóns de euros para promover a integración e a calidade no traballo das persoas máis vulnerables*

O Goberno galego activará nas próximas semanas un programa de axudas dotado con preto de 400.000 euros para apoiar as empresas de inserción laboral na contratación de persoas en risco de exclusión social. Esta iniciativa forma parte dun plan que puxo en marcha a Xunta recentemente para impulsar o emprego inclusivo, dotado con 7,6 millóns de euros, para beneficiar 900 persoas en risco de exclusión, e que inclúe, ademais destas axudas, apoios a concellos para a contratación de perceptores da renda de integración social de Galicia (Risga) e incentivos á contratación dirixidos a pemes para empregar colectivos desfavorecidos.

A actuación, que dispón contías que poden alcanzar os 12.000 euros por posto de nova creación, e da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, mellora este ano ao incluír as principais demandas do sector. Así, amplíase a duración máxima dos contratos de inserción, ao pasar de dous a tres anos; increméntase o custo das axudas á asistencia técnica (realización de auditorías contables, sociais ou certificacións de calidade), ao pasar do 50% ao 80%; introdúcese unha nova liña de axudas específica para a formación de persoas en proceso de inserción cun máximo de ata 3000 euros; e financiarase ao 100 % o custo dos gastos de inicio e posta en marcha da actividade ata o límite máximo de 12.000 euros por empresa de inserción laboral.

Con este programa, ademais, a Xunta poderá financiar o 100% do salario mínimo interprofesional mensual por cada persoa en proceso de inserción contratada ou o 50% dos custos laborais totais, cun límite máximo de 8000 euros por xornada completa, para a contratación de xerentes ou técnicos que garantan a viabilidade técnica, económica ou financeira da empresa de inserción laboral. Así mesmo, este programa prevé axudas máximas de 12.000 euros pola contratación dun orientador.

Financiarase tamén a realización de accións de mediación laboral para a contratación de persoas en inserción no mercado laboral ordinario, dando prioridade á contratación indefinida.

As axudas van dirixidas non só ás empresas de inserción laboral, que defenden os intereses das persoas en situación de risco de exclusión a través da inserción social e laboral, senón tamén a entidades sen ánimo de lucro e fundacións, aínda que os destinatarios finais destas axudas son as persoas desempregadas en risco de exclusión.

Para ser beneficiarios destes apoios da Xunta, cada empresa deberá ter unha porcentaxe de persoas en inserción do 30 % respecto do total do cadro de persoal, aplicar o 100 % dos resultados ou excedentes dispoñibles en cada exercicio á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción ou a programas de inserción laboral das entidades promotoras e non se apoiarán as contratacións inferiores ao 50% da xornada laboral nin inferiores a 6 meses.

Esta iniciativa está enmarcada na Axenda 20 para o Emprego, á cal o Goberno galego, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, destina este ano 22 millóns de euros para promover a integración e a calidade no traballo dos colectivos máis vulnerables.

A aposta da Xunta polo emprego inclusivo reflíctese no apoio que está dando aos colectivos máis vulnerables, primando este ano a creación de postos de traballo dos que máis o necesitan cunha maior intensidade de axuda para os colectivos con máis dificultades para acceder ao emprego, entre os cales se encontran as persoas con discapacidade.

A XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN DO IFEVI EN 5000 M² PARA CONSOLIDAR A CELEBRACIÓN DE EVENTOS DE REFERENCIA COMO CONXEMAR E NAVALIA

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 4,1 millóns de euros na actuación, que incrementará a competitividade do recinto feiral vigués coa construción dun novo pavillón***
- ***As obras poderán licitarse en canto o Concello de Vigo poña á disposición da Xunta os terreos***
- ***A tramitación realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación en 5000 m² do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que investirá 4,1 millóns de euros co obxectivo de incrementar a competitividade das instalacións e consolidar a celebración de eventos de referencia a nivel europeo e internacional como Conxemar e Navalía. Tras a avaliación e estudo do proxecto por parte dos servizos técnicos da Xunta, o orzamento increméntase en 0,9 millóns de euros sobre o previsto inicialmente para mellorar o acondicionamento posterior da instalación.

A tramitación realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Así, unha vez recompilados os informes tanto do Concello de Vigo como dos diferentes órganos sectoriais, todos eles favorables, o proxecto foi aprobado esta mesma semana na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

As obras serán licitadas pola Axencia Galega de Infraestruturas en canto o Concello de Vigo poña á disposición da Xunta os terreos expropiados e manterán a configuración actual das instalacións engadindo un pavillón anexo ao pavillón número 2 que contará cunha superficie de 5000 m². Calcúlase que a ampliación terá un impacto nos sectores hoteleiro e hostaleiro de Vigo de máis de dous millóns de euros ao ano.

Ifevi acolle importantes citas como Conxemar, que contou en 2016 con 583 expositores de 43 países distintos, ou Navalía, que prevé reunir na súa sétima edición, prevista para maio de 2018, máis de 25.000 profesionais e 500 expositores de todo o mundo.

Estas melloras permitirán abrir novas oportunidades de negocio, beneficiando así o conxunto do tecido económico empresarial tanto da comarca como de Galicia, e sectores estratéxicos como o pesqueiro, o conserveiro ou o naval.

As obras de ampliación do Ifevi dan continuidade aos traballos que xa realizou a Xunta, que desde 2005 investiu 11,5 millóns de euros no recinto para impulsar a modernización e a mellora das instalacións.

SANIDADE INVISTE 12,5 MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DE VACINAS

- ***Comprende a compra de 15 tipos de vacinas que se empregarán no Programa galego de vacinación e outras destinadas a outros colectivos en situacións específicas***
- ***Esta subministración está derivada do acordo marco do Ministerio de Sanidade***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá á Consellería de Sanidade a contratación para a subministración de vacinas por un orzamento total de licitación de 12.524.083,52 euros millóns de euros, derivado do acordo marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Este contrato comprende a compra de 15 tipos de vacinas que se empregarán tanto no Programa galego de vacinación como na vacinación destinada a determinados colectivos en situacións específicas (viaxeiros por exemplo) ou grupos de risco. O contrato abrangue o período 2017-2019, con posibilidade de prórroga en 2020.

O lote inclúe moitas das principais vacinas utilizadas no calendario infantil, como son a vacina hexavalente, vacina fronte a meningococo C, triple vírica (fronte sarampelo, rubéola e parotidite); vacina fronte varicela; a vacina fronte difteria, tétanos, e tose ferina acelular de contido antixénico reducido e a vacina fronte a virus do papiloma humano (VPH).

Inclúe ademais outras vacinas usadas en situacións específicas, entre as que están: vacina fronte *Haemophilus influenzae* tipo b conxugada; vacina fronte hepatite B para idade pediátrica, outra para idade adulta e outra para pacientes en prediálise e diálise; vacina de polisacárido capsular Vi fronte a febre tifoidea; vacina conxugada fronte a meningococo de serogrupos A,C, Y e W; e vacina fronte encefalite xaponesa.

Nunha primeira fase do acordo o Ministerio de Sanidade regula a fixación dos prezos máximos e establece as bases que rexerán os contratos derivados en cada comunidade autónoma. Esta fase xa está rematada e tras esta autorización procederáse á execución do contrato derivado do acordo marco nesta comunidade autónoma.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE MONDARIZ E CHAPELA

- *Pertencen ao grupo dos 18 centros de saúde dos cales o Sergas está a asumir os gastos no eido do Pacto local*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión dos terreos e os inmobles dos centros de saúde de Mondariz e Chapela, na provincia de Pontevedra.

Todas as cesións son iniciadas de forma voluntaria e están feitas a título gratuíto polos respectivos concellos a favor do Servizo Galego de Saúde. Estas cesións pertencen ao grupo dos 18 centros de saúde cuxos gastos de mantemento o Sergas anunciou hai unhas semanas que asumiría.

A estimación do mantemento do centro de saúde de Mondariz para este ano 2017 ascende a 26.637,16 euros. O predio no cal está situado o centro de saúde ten unha superficie total construída de 741 metros cadrados. Pola súa banda, a estimación do mantemento do centro de Chapela ascende a 62.544,32 euros; a edificación conta cunha superficie total construída de 1832,88 metros cadrados.

Cesións voluntarias

O proceso iníciase coa sinatura por parte dos concellos duns convenios nos que se establecen as bases da cooperación co Sergas para a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do seu mantemento. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gasto de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

Pacto local

Entre as actuacións recollidas no Pacto local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), atópase a asunción pola Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concretouse nun protocolo formalizado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no cal se establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

O PLAN DE ACCESIBILIDADE TURÍSTICA E DO CAMIÑO DE SANTIAGO CONVERTERÁ GALICIA NUN REFERENTE EN TURISMO INCLUSIVO

- *O Consello da Xunta acaba de coñecer o informe e a previsión de actividades deste plan que impulsará un conxunto iniciativas para mellorar o turismo accesible na Comunidade galega*
- *Inclúe catro liñas estratéxicas para actuacións no destino Galicia e outras sete para as actuacións no Camiño de Santiago en particular*
- *Proporciona ao sector turístico galego ferramentas para avanzar en cuestións de accesibilidade*
- *Mellorarase a oferta turística no eido das infraestruturas, promoción e experiencias inclusivas*

O Consello da Xunta acaba de dar hoxe o visto e prace ao informe e á previsión de actividades do Plan de accesibilidade turística e do Camiño de Santiago, a folia de ruta que permitirá converter Galicia nun referente en turismo inclusivo e que se desenvolve ata o ano 2019.

Este documento é un compromiso da Estratexia do turismo de Galicia 2020 e alíñase co Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago, e ademais de elaborar unha diagnose e execución de accións, tamén proporciona ao sector turístico galego o soporte e ferramentas adecuadas para avanzar en cuestións de accesibilidade universal.

O Plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago inclúe catro liñas estratéxicas para actuacións no destino Galicia e outras sete para as actuacións no Camiño de Santiago en particular.

Na súa elaboración analizáronse preto de 700 establecementos, entre aloxamentos e restaurantes en Galicia, e, no Camiño de Santiago, avalíouse o grao de accesibilidade de máis de 50 etapas, así como a situación en preto de 200 establecementos de hospedaxe. Tamén se analizaron uns 80 puntos de interese turístico na ruta xacobeá.

Tras o estudo, atopáronse áreas de mellora en asuntos como a necesidade de maior presenza da oferta do turismo accesible, melloras na sinalización, e máis formación e sensibilización no sector.

Por iso, e baseándose nos resultados obtidos nestes diagnósticos, establecéronse as estratexias e accións que é necesario levar a cabo para mellorar a competitividade do destino e para converter a Galicia nun referente en accesibilidade turística.

Ao abeiro deste plan analizarase e mellorarase a accesibilidade nos principais puntos turísticos, das empresas turísticas e das oficinas de atención, incluíndo entre algunhas medidas, as liñas de axudas para a mellora da accesibilidade de recursos e empresas turísticas.

Para os profesionais levaranse a cabo xornadas de sensibilización, así como formación específica sobre lexislación e atención ao cliente con discapacidade e necesidades diversas.

Guías de boas prácticas e aplicacións

Do mesmo xeito, inclúese a edición de guías de boas prácticas para o turismo accesible, a posta en marcha de aplicacións para a mellora da accesibilidade, a inclusión de contidos de turismo accesible no portal do destino, deseño de material promocional dirixido a persoas con discapacidade, así como presenza nas principais feiras turísticas e especializadas en accesibilidade, entre outras.

No eido do Camiño de Santiago, inclúese, entre outras, o impulso formativo aos profesionais do sector no Camiño de Santiago, con cursos de protocolo e atención ao cliente con discapacidade, cursos sobre normativa e avaliación da accesibilidade.

Axencias especializadas en turismo accesible

Tamén se recollen melloras na sinalización, para que esta sexa accesible e que inclúa planos comprensibles; na sinalización externa e interna nos aloxamentos; na información do grao de accesibilidade dos establecementos; nos puntos de interese turístico no Camiño, así como nos pavimentos en tramos máis accesibles.

En materia de promoción, tamén se impulsará o contacto con asociación de persoas con discapacidade e con axencias especializadas en materia de turismo accesible.

Mercado potencial

Tras a análise da situación, o plan reflicte que, con respecto á demanda, na actualidade existe un mercado potencial de 138 millóns de persoas na Unión Europea con necesidades de acceso, cun incremento interanual de 1,2% ata 2020, as cales realizan unha media de 7,15 viaxes ao ano.

O PROCESO DE REESTRUTURACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO ACADA XA UN AFORRO DE PRETO DE 80 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un novo informe de seguimento dos tres plans de racionalización, a través dos que xa causaron baixa 86 entidades*
- *Ao remate do proceso, a Xunta terá suprimido 97 organismos e optimizado outros 63 grazas á introdución de importantes melloras de eficiencia*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un novo informe de seguimento dos tres plans de racionalización da Administración instrumental, un proceso integral que ten como obxectivo suprimir organismos innecesarios e mellorar a eficacia dos que continúen operando. En total, cando todos eles estean executados ao 100 por cento, o Goberno autonómico terá suprimido 97 organismos e optimizados outros 63.

Segundo se recolle no informe de seguimento presentado hoxe, desde o inicio dos procesos de reordenación e ata o 31 de maio de 2017, un total de 86 entidades causaron baixa.

Máis en concreto, os avances realizados desde o último seguimento consistiron na baixa de cinco entidades por integración nun único ente (os consorcios contra incendios e salvamento da comarca do Carballiño e do Ribeiro, da Limia, de Valdeorras, de Verín; e a agrupación de consorcios Limia e Verín); outros 2 entes causaron baixa por fusión (Instituto Galego de Consumo e Consello Galego de Competencia); outra entidade causou baixa por reconversión (Instituto Enerxético de Galicia); e rematáronse catro novas liquidacións de entidades xa extinguidas (Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana, Consorcio Audiovisual de Galicia, Centro de Transfusión de Galicia, e Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria).

Ademais, neste último ano tamén se implantaron novas 22 recomendacións nas entidades que seguen en funcionamento. En total, desde o inicio do proceso, incluíronse ata 618 recomendacións de mellora dos organismos que seguen funcionando, dun total de 800 que foron recomendadas polos auditores da Xunta nos seus plans. Estas recomendacións inciden en ámbitos como o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

Isto supón que o aforro acadado grazas a estas operacións de reordenación se sitúa xa preto dos 80 millóns de euros, 10 millóns de euros máis que no último seguimento, que se realizou o ano pasado.

Plan de racionalización

Galicia foi a primeira Administración pública do Estado en abordar a racionalización da súa Administración paralela. A análise comezou en 2009 e, actualmente, a práctica totalidade do sector público xa foi sometido a procesos de auditoría a través de tres plans de racionalización aprobados, respectivamente, nos anos 2010, 2012 e 2014; así como a través doutras operacións paralelas de axuste.

En total, a Xunta actuou sobre 160 entidades, o que converte a Galicia tamén na primeira comunidade autónoma en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais do sector público autonómico.

Ao final deste 'macroproceso' -que comprende os tres plans de racionalización activados e algunhas operacións puntuais de axuste realizadas fóra deles- a Xunta terá suprimido 97 organismos en total e outros 63 terán sido optimizados, despois de introducir neles importantes melloras de eficiencia tras un intenso traballo de auditoría interna.

Ademais, a Xunta comprometeuse a facer do proceso de racionalización unha garantía de permanencia e mellora continua e por iso a propia Lei de racionalización do sector público autonómico incorpora a obriga de realizar periodicamente plans de avaliación e reestruturación, tanto da Administración xeral como da instrumental.

O obxectivo destas accións é o mesmo que leva guiando a actuación do Goberno galego desde o ano 2009: evitar duplicidades, gañar en eficacia e transparencia, adelgazar a Administración, e que non sexan organismos instrumentais os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías das que dependen, e a un menor custo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CALENDARIO DE VACINACIÓN PARA ADULTOS

- *Introduce a vacinación antipneumocócica sistemática para toda a cidadanía galega a partir dos 65 anos, que comezará o 3 de xullo*
- *Cúmrese un dos compromisos do Goberno galego enmarcado na promoción e protección da saúde dos galegos*
- *Busca aumentar as coberturas de vacinación na poboación a partir dos 18 anos*
- *O calendario agrupa e sistematiza as vacinas que xa se viñan aplicando (grupos de risco, embarazadas ...) e inclúe os adultos sans*
- *Sanidade estima que se producirá unha diminución dos casos de enfermidade pneumocócica, que podería chegar ata 2600 menos nun prazo de 5 anos*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o calendario que recolle as recomendacións xerais de vacinación para a poboación adulta sa a partir dos 18 anos. Esta actuación enmárcase na concreción do compromiso do Goberno galego no eido da promoción e protección da saúde da cidadanía galega. A Consellería de Sanidade iniciará agora a difusión do calendario entre os profesionais sanitarios e a poboación, así como a súa publicación na web.

Como principal novidade, o calendario do adulto introduce unha nova vacina sistemática. A partir do 3 de xullo ponse en marcha a vacinación coa antipneumocócica conxugada trecevalente. Recoméndase esta a toda cidadanía galega nada a partir do 1 de xaneiro de 1952, segundo vaian cumprindo 65 anos cunha dose única.

Galicia é a cuarta comunidade autónoma en iniciar a vacinación antipneumocócica en adultos, despois de Madrid, Castilla y León, La Rioja, e a cidade autónoma de Melilla.

A Consellería de Sanidade estima que se producirá unha diminución de casos de enfermidade pneumocócica, que podería chegar ata 2600 menos nun prazo de cinco anos, e tamén unha diminución de ata 1400 ingresos nese mesmo período.

Esta vacinación asúmese cos orzamentos previstos para vacinas grazas aos aforros derivados do acordo marco realizado co Ministerio de Sanidade.

Maior información e cobertura co calendario

O obxectivo de crear este calendario é aumentar as coberturas de vacinación na poboación adulta galega e contribuír a un maior coñecemento das indicacións e beneficios das vacinas para toda a cidadanía. A Xunta de Galicia considera que a vacinación ten un efecto directo nunha maior saúde da poboación, benestar e produtividade social e supón un importante aforro de recursos asistenciais. A

vacinación debe incorporarse á actividade diaria das consultas de adultos de xeito que se poida manter un envellecemento saudable, pois non é unha actividade preventiva exclusiva da infancia.

Actualmente en Galicia xa se viña aplicando a vacinación a adultos en situacións determinadas (como na campaña da gripe, ou a vacinación para embarazadas). O calendario agrupará e sistematizará as indicacións de vacina a partir dos 18 anos, incluíndo a poboación adulta sa.

Recomendacións incluídas

O calendario galego de vacinación do adulto servirá como guía e apoio para que tanto os profesionais como a poboación identifiquen máis facilmente as vacinas indicadas segundo idade e grupo de risco, facilitando o seu cumprimento.

Estas indicacións valoran o risco individual de cada persoa, así como o estado de vacinación previo, moitos adultos non foron vacinados ou descoñecen totalmente o seu estado, polo que o calendario recolle consideracións individuais como a data de inicio dos calendarios e a introdución das novas vacinas ao longo do tempo, a epidemioloxía das enfermidades, ou a realización de campañas extraordinarias de vacinación no pasado, entre outras.

Información dos dispositivos móbiles

A Consellería de Sanidade iniciará tamén proximamente as probas piloto dunha aplicación sobre vacinas para dispositivos móbiles.

O obxectivo é facilitar información sobras as vacinas e permitirá consultar o historial de vacinación de cada persoa. Será a primeira aplicación en proporcionar información que ten a Administración sanitaria do historial vacinal persoal.

A aplicación permitirá ademais recordar cando deben poñerse as seguintes doses segundo o calendario vixente ou recomendacións médicas, o que facilitará o seguimento e o aumento das coberturas.

CALENDARIO de VACINACIÓN de ADULTOS

2017		Ata 35 anos	36-49 anos	50-59 anos	60 ou máis anos	
VACINAS	Td (tétano e difteria)	Completar ou iniciar pauta de vacinación (5 doses) Se ten calendario infantil completo: 1 dose de recordo ao redor dos 65 anos				
	dTpa ⁽²⁾	Embarazadas (semana 28-36, preferiblemente 32): 1 dose en cada embarazo				
	Gripe	Se existe factor de risco: 1 dose anual			1 dose anual	
	Pneumocócica conjugada 13 v	Se existe factor de risco: 1 dose			1 dose ao cumprir 65 anos	
	Pneumocócica polisacáridos 23 v	Se existe factor de risco: 1 dose (intervalo mínimo 1 ano despois de PnC13)			1 dose aos 66 anos ⁽¹⁾	
	Hepatite B	Se non vacinados previamente: 3 doses	Nados antes de 1982, se existe factor de risco: 3 doses			
	Triple vírica ⁽³⁾ (sarampelo, rubéola e parotidite)	Se non vacinados previamente e nados despois de 1981: 2 doses Se non cumpre criterios de inmunidade e nados entre 1968 e 1981: 1 dose				
	Varicela ⁽⁴⁾	Vacinação se non cumpre criterios de inmunidade: 2 doses				
	Meningococo C	Se non vacinados previamente: 1 dose	Se existe factor de risco: 1 dose			
	Virus do papiloma humano (VPH) mulleres	Non vacinadas previamente, nadas a partir 1994: 3 doses	Se existe factor de risco: 3 doses ⁽⁵⁾			

■ Para todas as persoas desta categoría e das idades indicadas para as que non haxa constancia de remoción/inmunidade
■ Recomendada se existe outro factor de risco
■ Non indicada

(1) **Pneumocócica de polisacáridos 23 v:** Persoas de 66 anos ou maiores desta idade non vacinadas con anterioridade

(2) **dTpa:** Personal sanitario das áreas de obstetricia e pediatria: 1 dose

(3) **Triple vírica:** 2 doses para sanitarios, traballadores de centros educativos e viaxeiros a zonas de alto risco

(4) **Varicela:** segunda as fichas técnicas das vacinas fronte a varicela non existen datos de eficacia protectora nin de resposta inmune nas persoas sae emagrecidas > 65 anos

(5) **VPH:** Mulleres sometidas a tratamento excisional de CIN2+ ou AIS nos 6 últimos meses: 3 doses

A XUNTA DE GALICIA SUBVENCIONA ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN ESPAZOS E EDIFICIOS PÚBLICOS DE 18 CONCELLOS

- *Estas axudas están cofinanciadas polo programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e contan cun crédito total de 900.000 euros*
- *As intervencións subvencionables son obras de eliminación de barreiras arquitectónicas e de comunicación, así como a compra e instalación de equipamentos para garantir a accesibilidade en edificios e espazos de uso público*

A Xunta de Galicia financia con fondos europeos de desenvolvemento rexional (Feder Galicia 2014-2020) intervencións de mellora de accesibilidade en 18 concellos cunha contía total que ascende a 900.000 euros. Así se recolle no informe sobre o balance deste programa de subvencións que a Administración autonómica desenvolve ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2016 e do que hoxe se deu conta na reunión semanal ordinaria do Goberno galego.

As actuacións subvencionables ao abeiro desta convocatoria, que deberán ter rematado antes do 31 de outubro deste ano, son: obras de mellora para garantir a accesibilidade, supresión de barreiras arquitectónicas e traballos e intervencións para eliminar as barreiras de comunicación en edificios e espazos de uso público. Tamén se puideron acoller a estas axudas as operacións de compra e instalación de equipamento para garantir a accesibilidade nos ditos edificios e espazos. A localización territorial das achegas outorgadas é a que segue:

PROVINCIA	CONCELLO
A CORUÑA (6)	Negreira
	A Laracha
	Ares
	Ames
	Ribeira
	Cambre
LUGO (5)	Negreira
	Xove
	Pedrafita do Cebreiro
	Cervo
	Folgoso do Caurel
OURENSE (4)	Outeiro de Rei
	Ourense
	San Cibrao das Viñas
	Castrelo do Miño
PONTEVEDRA	Rubiá
	Fornelos de Montes

(3)	Vilagarcía de Arousa
	Moaña

A contía máxima de axuda por entidade beneficiaria podía acadar os 70.000 euros, non excedendo en ningún caso o 75 % do orzamento total subvencionable. As axudas concedéronse en réxime de concorrencia competitiva, prestando atención ademais ao número de habitantes maiores de 65 anos e á porcentaxe de persoas con discapacidade residentes no concello solicitante, xunto con outros criterios de valoración como, por exemplo, o da poboación total do concello.

Así, entre outras obras, a través desta liña de axudas a Xunta de Galicia financia no concello de Cervo a mellora no contorno e accesos da Casa da Cultura, de varias prazas e do parque Raíña Sofía, así como a adaptación de pasos peonís (70.000 euros); en Fornelos de Montes a reforma dun espazo público para a creación dunha praza municipal accesible con itinerarios, prazas de aparcamento, sinalización e mobiliario (64.454,51 euros); a instalación dun ascensor no Conservatorio municipal de Ribeira (61.047,17 euros) ou a adaptación de itinerario dende o transporte público á praza da Peixería de Vilagarcía de Arousa, con pasos peonís, reforma de plataformas de paradas de bus e instalación de marquesiñas (45.297,52 euros).

Este é a primeira vez desde 2009 que se convoca esta liña de axudas, e a intención do Goberno galego é que teñan continuidade, posto que veñen dar cumprimento a unha das obrigas que se asume na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, en tanto que con ela se contribúe a dar resposta a un dos seus obxectivos prioritarios como é o de asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural. Neste sentido, é indubidable que se avanzou na aplicación dos criterios de accesibilidade, pero resulta necesario continuar apoiando medidas de fomento que reduzan as carencias de accesibilidade existentes e lograr que os contornos e servizos sexan sempre universalmente accesibles.